



## **ESTATUTOS**

**FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS**

# TÍTULO PRELIMINAR I

## DISPOSICIÓN XERAIS

### ARTIGO 1

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) é unha Asociación constituída polos entes locais que voluntariamente o decidan, respondendo sempre a súa estrutura e funcionamento aos principios democráticos.

### ARTIGO 2

A FEGAMP goza de personalidade xurídica plena e pública para o desenvolvemento das funcións que lle son inherentes.

### ARTIGO 3

1. O ámbito territorial da FEGAMP é o da Comunidade Autónoma de Galicia, definido no artigo 2 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e as disposicións legais do Parlamento de Galicia que o desenvolven. O ámbito competencial incluírá calquera asunto que garde relación cos intereses comúns dos entes locais que integran o dito territorio.
2. A FEGAMP ten a súa sede principal na cidade de Santiago de Compostela, non obstante, poderanse establecer oficinas de carácter administrativo en calquera outra cidade, respondendo sempre a criterios de funcionalidade ou mellor consecución dos fins que lle son propios á Federación.
3. As sesións que realicen os órganos da FEGAMP poderanse levar a cabo en calquera lugar do seu ámbito territorial.

### ARTIGO 4

O símbolo da FEGAMP é o do Consello de Europa, co escudo de Galicia no seu interior impreso sobre unha franxa azul representativa da bandeira de Galicia, tendo ao pé do conxunto as siglas FEGAMP.

### ARTIGO 5

A FEGAMP intégrase na Federación Española de Municipios e Provincias e, por tanto, na Sección Española do Consello de Municipios e Rexións de Europa, conforme as bases que figuren no Protocolo que para o efecto se subscriba. Iso non exclúe a posibilidade de establecer cantos acordos de colaboración, coordinación e cooperación se estimen oportunos con outras asociacións, organizacións ou institucións.

En ningún caso, as relacións que se establezan con calquera outra asociación, organización ou institución, supoñerán detrimento ou menoscabo da personalidade xurídica e da autonomía da FEGAMP.

# TÍTULO I

## DOS FINS DA FEGAMP

### ARTIGO 6

1. Son fins da FEGAMP:

- a) Fomentar e defender a autonomía das entidades locais.
- b) Promover, representar e defender os intereses das entidades locais ante outras administracións públicas.
- c) A promoción e o desenvolvemento da cultura e lingua galega no ámbito local.
- d) Promover e reivindicar ante os correspondentes poderes públicos canto estime oportuno na orde a lograr o teito competencial das respectivas entidades locais.
- e) Fomentar a participación cidadá na vida local.
- f) O desenvolvemento e a consolidación do espírito europeo no ámbito local baseado na autonomía e a solidariedade entre os entes locais.
- g) A defensa en xuízo dos intereses da Administración local galega, se é o caso, así como as actuacións necesarias perante o Tribunal Constitucional, de acordo coa súa lei orgánica, en defensa da autonomía local.
- h) Calquera outro que afecte ou incida de forma directa ou indirecta aos seus asociados ou á propia Federación.

2. En ningún caso, a interpretación destes fins poderá ser tal que o seu exercicio invada as competencias dos entes asociados establecidas na lexislación do réxime local.

### ARTIGO 7

Co obxecto de conseguir os seus fins, a Federación poderá:

- a) Establecer as estruturas orgánicas pertinentes.
- b) Facilitar intercambios de información mutua.
- c) Constituír servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d) Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos e xornadas de estudo e orientación.
- e) Dirixirse aos poderes públicos e intervir, de ser o caso, na formulación da normativa legal que afecta os entes locais.
- f) Promover publicacións, estudos e documentos informativos na materia da súa competencia.
- g) Calquera outra actividade ou función que contribúa á mellor consecución dos seus fins.

### ARTIGO 8

No exercicio das atribucións que ten conferidas para o cumprimento dos seus fins estatutarios e a teor do disposto no artigo 2 destes estatutos, a FEGAMP gozará de plena capacidade para adquirir, posuír, reivindicar, cambiar, gravar, transmitir ou alienar toda clase de bens e dereitos, formalizar contratos ou pactos, subscribir convenios e contraer

compromisos ou obrigas, así como exercitar as accións legais que procedan en orde á súa defensa e administración.

## **TÍTULO II**

### **DOS ASOCIADOS Á FEGAMP**

#### **ARTIGO 9**

A Federación Galega de Municipios e Provincias estará formada por socios titulares e de honra.

#### **ARTIGO 10**

Serán admitidos como socios titulares cos dereitos e obrigas establecidas no artigo 13 destes Estatutos:

1. Todos os concellos e deputacións provinciais comprendidos no ámbito territorial galego que manifesten, mediante o correspondente acordo corporativo, a súa vontade expresa de se adherir á FEGAMP e de cumprir os seus fins estatutarios.
2. As entidades locais de carácter supramunicipal a que se refiren os apartados b), c) e d) do artigo 3º.2 da Lei 7/1985 das bases de réxime local, sempre que o correspondente acordo de adhesión sexa adoptado por unanimidade de todos os concellos que integren, en cada caso, as ditas entidades. A adscrición á FEGAMP dunha entidade supramunicipal non inclúe a dos concellos que a compoñen.

#### **ARTIGO 11**

Terán a consideración de socios de honra as persoas físicas ou xurídicas que, por proposta do Consello Federal, sexan nomeados como tales pola Asemblea Xeral en recoñecemento dos seus destacados méritos ou pola súa contribución especial aos fins da Federación.

#### **ARTIGO 12**

1. A alta e a baixa dos socios será aprobada pola Comisión Executiva, tras a recepción do correspondente acordo plenario da corporación interesada.
2. Os acordos da Comisión Executiva nesta materia faranse constar nas actas correspondentes e no Libro de Rexistro que para este fin custodiará a Secretaría Xeral.
3. A alta efectuarase coa data do acordo plenario da corporación. A baixa producirá efecto a partir do día primeiro de xaneiro do ano seguinte ao da adopción do acordo.

#### **ARTIGO 13**

1. Os socios titulares terán os seguintes dereitos:
  - a) Asistir, con voz e voto, ás sesións das asembleas ordinarias e extraordinarias, outros órganos reitores ou complementarios en que estean representados e calquera outro tipo de encontro para o que sexan convocados validamente.

- b) Ocupar cargos nos órganos reitores da FEGAMP.
  - c) Participar nos traballos e actividades da Federación.
  - d) Utilizar as instalacións e os servizos que preste a Federación.
  - e) Promover actuacións e adopcións de acordos.
2. Os socios titulares terán as seguintes obrigas:
- a) Cumprir estes Estatutos, as normas que os desenvolven e os acordos validamente adoptados.
  - b) Satisfacer as cotas, ordinarias e extraordinarias, no tempo e a contía que se establezan.
  - c) Velar polo cumprimento dos fins estatutarios.

#### **ARTIGO 14**

Para o exercicio de todos os dereitos é preciso estar ao corrente no pago das cotas e, no suposto da convocatoria de calquera órgano, ter a condición de socio titular con anterioridade á data da dita convocatoria.

#### **ARTIGO 15**

A condición de socio perderase:

- a) Pola decisión voluntaria do asociado, de acordo co previsto no artigo 12.
- b) Por acordo da Comisión Executiva, logo da instrución do expediente con audiencia á entidade local afectada, no caso de incumprimento notorio e reiterado das súas obrigas, sempre que, previamente, esta fora requirida para o efecto.
- c) Por acordo do Consello Federal sen requirimento previo no caso de actos que afecten gravemente ao interese xeral e ao fins da Federación, para o que se precisará a concesión de audiencia no expediente que ao respecto se instrúa, de tramitación prioritaria.
- d) Por impago de cotas por un período superior ao ano, neste caso a separación non será determinante para unha nova admisión se a entidade aboase de forma voluntaria, e aínda extemporánea, as débedas contraídas e as cotas extraordinarias que lles puidesen corresponder durante o tempo da baixa.
- e) Por fusión ou absorción de concellos ou desaparición do ente local.

#### **ARTIGO 16**

A baixa como socio titular da FEGAMP, calquera que sexa a súa causa, implicará:

- a) A perda dos seus dereitos e obrigas.
- b) A imposibilidade de reclamar devolución patrimonial ningunha.
- c) A obriga de aboar as cantidades que, por calquera motivo, lle deberan á Federación, salvo acordo do Consello Federal ao respecto, atendendo a circunstancias excepcionais.

## **TÍTULO III**

### **DOS ÓRGANOS REITORES DA FEGAMP**

#### **ARTIGO 17**

Os órganos reitores da FEGAMP son os seguintes:

- a) a Asemblea Xeral
- b) o Consello Federal
- c) a Comisión Executiva
- d) a Xunta de Voceiros

#### **Capítulo I. Da Asemblea Xeral**

#### **ARTIGO 18**

1. A Asemblea Xeral é o órgano soberano da FEGAMP, integrado por un representante de cada un dos socios titulares e por cada un dos socios de honor.
2. A Asemblea Xeral rexerese polo seu propio regulamento aprobado por ela mesma por proposta do Consello Federal.

#### **ARTIGO 19**

Son competencias da Asemblea Xeral:

- a) Deseñar a liña política da FEGAMP.
- b) Aprobar cantas resolucións estime convenientes na orde dun mellor desenvolvemento da actividade e dos fins da Federación.
- c) Elixir os membros do Consello Federal, da Comisión Executiva e o presidente.
- d) Aprobar e modificar os Estatutos.
- e) Controlar a xestión do Consello Federal, da Comisión Executiva e do presidente.
- f) Aprobar a Memoria de xestión do período.
- g) Disolver a Federación e nomear a Comisión Liquidadora.

#### **ARTIGO 20**

As reunións da Asemblea Xeral poderán ter carácter ordinario ou extraordinario.

- a) Con carácter ordinario reunirase cada catro anos dentro dos tres meses seguintes á data de constitución da última entidade local e, en todo caso, dentro dun prazo de seis meses desde a data das eleccións municipais.
- b) A Asemblea reunirase con carácter extraordinario cando o acorde o Consello Federal, por propia iniciativa, ou cando o soliciten un número de asociados que represente, cando menos, a metade dos votos da Asemblea, así como por instancia do presidente, polo acordo da Comisión Executiva ratificado polo Consello Federal ou por vacante de máis dun terzo dos membros da Comisión Executiva.

## **ARTIGO 21**

Calquera que sexa o carácter co que se reúna a Asemblea Xeral, a súa convocatoria será efectuada polo presidente, ou quen legalmente o substitúa no suposto de vacante, e ratificada pola Comisión Executiva. A convocatoria deberá realizarse polo menos con 20 días de antelación á data en que se vaia realizar.

## **ARTIGO 22**

Tanto para a Asemblea Xeral ordinaria como para a extraordinaria, acompañarase á convocatoria unha orde do día que comprenda os asuntos que se van tratar.

- a) No caso de Asemblea Xeral ordinaria, poderán ser incluídos na orde do día todos os asuntos que, sendo inherentes aos fins da Federación, foran propostos por un terzo dos membros da Comisión Executiva ou do Consello Federal; ou ben fose solicitado mediante un escrito de cando menos unha quinta parte dos votos da Asemblea.
- b) No caso da asemblea Xeral extraordinaria, só se poderán debater os asuntos incluídos na orde do día.

## **ARTIGO 23**

1. Como regra xeral, para a adopción de calquera resolución ou acordo será necesaria a maioría simple dos votos da Asemblea Xeral.
2. Para a elección dos órganos reitores aplicarase o que está disposto no artigo 29 destes Estatutos.
3. O acordo de modificación dos Estatutos deberá ser aprobado polo número de votos que representa a maioría legal da Asemblea ou, en todo caso, polos tres quintos dos votos presentes.
4. O acordo de disolución da Federación deberá ser adoptado na Asemblea extraordinaria convocada para o efecto e terá que ser aprobado por, cando menos, tres cuartas partes dos votos da Asemblea.
5. Computarase como abstención a daqueles membros que se ausentasen da reunión no momento da votación.

## **ARTIGO 24**

1. O número de votos de cada socio na Asemblea é o expresado na seguinte escala:
  - a) Corporación de ata 2 500 habitantes..... 2 votos
  - b) Corporación de 2 501 a 5 000 habitantes..... 3 votos
  - c) Corporación de 5 001 a 10 000 habitantes ..... 5 votos
  - d) Corporación de 10 001 a 20 000 habitantes ..... 10 votos
  - e) Corporación de 20 001 a 50 000 habitantes ..... 15 votos
  - f) Corporación de 50 001 a 100 000 habitantes ..... 30 votos
  - g) Corporación de 100 001 a 500 000 habitantes..... 50 votos
  - h) Corporación de 500 001 a 1 000 000 habitantes..... 75 votos
  - i) Corporación de máis de 1 000 000 habitantes..... 100 votos

2. A determinación dos votos realizarase respecto aos habitantes de dereito, de acordo coa última ratificación do padrón, sendo o número de habitantes de cada corporación provincial o resultado da suma dos habitantes de dereito dos concellos nela agrupados.

#### **ARTIGO 25**

A Asemblea Xeral constituirase validamente na primeira convocatoria, coa asistencia de socios que representen a metade mais un dos votos da Asemblea.

Na segunda convocatoria, unha hora máis tarde, calquera que sexa o número de votos representados.

#### **ARTIGO 26**

Será admitida a delegación de voto dunha corporación noutra, por resolución do presidente da primeira, que deberá ser remitido no prazo fixado na convocatoria.

#### **ARTIGO 27**

Os debates, acordos e resolucións da Asemblea quedarán reflectidos nas correspondentes actas que redactará a Secretaría Xeral.

### **Capítulo II. Do Consello Federal**

#### **ARTIGO 28**

O Consello Federal, como órgano máximo entre asembleas, é o encargado de desenvolver as resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral.

#### **ARTIGO 29**

A) Integran o Consello Federal 55 membros elixidos entre os socios titulares pola Asemblea Xeral de acordo co seguinte procedemento:

1. As candidaturas serán pechadas e incluírán un máximo de 55 persoas candidatas e un mínimo de 17.
2. A votación realizarase a candidaturas completas sen se introducir nelas modificación ningunha.
3. Para a válida presentación de candidaturas deberán ser avaladas, cando menos, polo cinco por cento dos votos da Asemblea.

Serán elixidas membros do Consello Federal as 29 primeiras persoas candidatas da candidatura máis votada, as 17 da segunda, as 7 da terceira e as 2 da cuarta. No suposto de que se presentase un número de candidaturas inferior, as vacantes que queden por cubrir serán ao resto de candidaturas, exceptuando a primeira, pola súa orde.

B) Serán elixidas membros da Comisión Executiva as 9 primeiras persoas candidatas da candidatura máis votada, as 5 da segunda, as 2 da terceira e a primeira da cuarta. No suposto de que se presentase un número de candidaturas inferior, as vacantes que queden por cubrir serán ao resto de candidaturas, exceptuando a primeira, polo súa orde.



- c) O número 1 da candidatura máis votada será proclamado/a presidente/a da Federación e o seu número 2 será o/a vicepresidente/a executivo/a. O número 1 da segunda lista máis votada será proclamado/a vicepresidente/a primeiro/a e corresponderalle a Vicepresidencia Segunda ao/á primeiro/a da terceira lista máis votada.

### **ARTIGO 30**

Son competencias do Consello Federal:

- a) Cumprir e facer cumprir as resolucións da Asemblea Xeral.
- b) Velar polo cumprimento dos fins estatutarios.
- c) Aprobar o regulamento de réxime interior e propoñerlle o das Asembleas á Asemblea Xeral.
- d) Aprobar as cotas sociais da FEGAMP, xa sexan de carácter ordinario ou extraordinario, por proposta, neste último caso, da Comisión Executiva.
- e) Aprobar anualmente os orzamentos e as contas xerais.
- f) Decidir sobre aqueles asuntos que, pola súa urxencia, non poden ser presentados á Asemblea Xeral e darlle conta a esta cando teña lugar.
- g) Cubrir as vacantes que se produzan na Comisión Executiva e no propio Consello Federal conforme ao disposto nestes Estatutos.
- h) Resolver sobre a perda da calidade de socio no suposto que recolle o artigo 15.c.
- i) Cantas outras lle correspondan de acordo coas leis, con estes Estatutos e coas normas que os desenvolvan.

Poderá delegar na Comisión Executiva todas as súas competencias excepto as que figuran nos apartados c), e), g) e h), sen prexuízo do que está disposto no artigo 31.4 destes Estatutos.

### **ARTIGO 31**

1. Os membros do Consello Federal deberán ostentar a condición de presidente/a ou representante e deberán ostentar, neste último caso, a condición de cargo electo local da súa respectiva corporación. De todos os xeitos, se perdesen a condición de presidente/a pero mantivesen a de cargo electo local, poderán continuar como membros do Consello sempre que concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- a) Que a perda da presidencia da corporación se producise no último ano de mandato.
- b) Que a corporación lle outorgue a representación nos órganos da FEGAMP.

No caso contrario, causarán baixa inmediatamente e serán substituídos polo Consello Federal de entre os presidentes ou representantes das corporacións asociadas pertencentes ao mesmo grupo político do que cesara.

2. Cesarán automaticamente os membros do Consello Federal que, por calquera motivo, deixasen de pertencer ao grupo político polo que foron elixidos e serán substituídos polo Consello Federal de entre os pertencentes ao mesmo grupo.

3. No caso de vacante non motivada por ningunha das causas previstas nos números 1 e 2 deste artigo, o posto será cuberto polo Consello Federal de entre os pertencentes ao mesmo grupo político ou candidatura que a vacante.
4. Unha vez realizada a convocatoria da Asemblea Xeral ordinaria, o Consello Federal quedará disolto e todas as súas competencias pasarán á Xunta de Voceiros.
5. Sen prexuízo do disposto nos anteriores números deste artigo, o mandato dos membros do Consello Federal abarcará o período comprendido entre a súa elección e a convocatoria da Asemblea Xeral ordinaria.

### **ARTIGO 32**

1. O Consello Federal reunirase en sesión ordinaria polo menos unha vez ao ano.
2. Con carácter extraordinario reunirase cando así o acorde o presidente, a Comisión Executiva, a Xunta de Voceiros ou a cuarta parte, polo menos, do propio Consello. Neste último caso, non se poderá superar un límite de 3 xuntanzas ao ano e a solicitude formalizárase por escrito, asinada por todos os peticionarios e a xuntanza realizarase nun prazo non superior a trinta días, que conta a partir da data en que o escrito tivese entrada na Secretaría Xeral da FEGAMP.

### **ARTIGO 33**

1. Correspóndelle ao presidente da FEGAMP a convocatoria de todas as sesións que realice o Consello Federal.
2. A convocatoria acompañarase da correspondente orde do día que comprenda os asuntos que se vaian tratar, que será aprobada polo presidente e que deberá incluír, sempre que se trate de sesións ordinarias, o punto de quenda aberta de intervencións. Así mesmo, acompañaranse os borradores das actas das sesións anteriores que deban ser aprobadas, de ser o caso.

### **ARTIGO 34**

1. O Consello Federal constituirase validamente na primeira convocatoria coa asistencia da metade mais un dos membros que o compoñen. En segunda convocatoria, unha hora máis tarde, calquera que sexa o número dos membros presentes nese momento.
2. Ningún dos membros do Consello Federal poderá delegar noutro da súa corporación a asistencia ás sesións deste.

### **ARTIGO 35**

1. O presidente dirixirá o desenvolvemento das sesións e corresponderalle, para tal efecto, a ordenación dos debates e as intervencións que se produzan, así como a decisión dos asuntos que se deban someter a votación.
2. Os acordos do Consello Federal adoptaranse, de ser o caso, por maioría simple dos votos emitidos polos membros asistentes ao Consello que se atopen presentes no momento da votación.

3. Cada un dos membros do Consello Federal ostentará un só voto que terá carácter non delegable.
4. O voto pódese emitir en sentido afirmativo ou negativo e os membros do Consello Federal poderanse abster de votar. Computarase como abstención a daqueles membros do Consello que se ausentaran da reunión no momento da votación.
5. No caso de votacións con resultado de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

#### **ARTIGO 36**

Os acordos do Consello Federal quedarán reflectidos nas correspondentes actas que redactará a Secretaría Xeral.

#### **ARTIGO 37**

##### **Capítulo III.- Da Comisión Executiva**

1. A Comisión Executiva da FEGAMP é o órgano encargado de levar á práctica os acordos da Asemblea Xeral e do Consello Federal.
2. A Comisión Executiva será renovada cada catro anos no curso da Asemblea Xeral ordinaria.

#### **ARTIGO 38**

1. A Comisión Executiva da FEGAMP estará composta por:
  - A) O presidente
  - B) Tres vicepresidentes que serán, pola súa orde, vicepresidente primeiro, vicepresidente segundo e vicepresidente executivo.
  - C) Trece vogais
2. A toma de posesión dos cargos dos membros da Comisión Executiva producirase inmediatamente despois da súa proclamación como tales pola Asemblea Xeral e o seu mandato durará o período comprendido entre cada unha das reunións ordinarias da Asemblea Xeral da FEGAMP.

#### **ARTIGO 39**

1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 31.1 e 31.2, as vacantes de vicepresidentes e de vogais serán cubertas polo Consello Federal de entre os membros das candidaturas, ou grupos, afectados pola vacante ata a que teña lugar a próxima Asemblea Xeral ordinaria.
2. Conforme a que está disposto no artigo 20.b), se as vacantes na Comisión Executiva chegasen a ser superiores no número a un terzo dos seus membros, procederase a convocar Asemblea Xeral de xeito urxente.

#### **ARTIGO 40**

1. Correspóndelle á Comisión Executiva:
  - a) Cumprir os acordos do Consello Federal e da Asemblea.
  - b) Aplicar o regulamento de réxime interior.

- c) Designar os representantes das corporacións locais naqueles organismos onde exista representación local.
  - d) Establecer a forma de cooperación con outras federacións.
  - e) Administrar o patrimonio da Federación.
  - f) Acordar a realización de todas as operacións relativas a avais, hipotecas e demais garantías reais, así como a solicitude de créditos e préstamos.
  - g) Admitir novos socios.
  - h) Acordar cantas accións legais e administrativas fosen necesarias na defensa dos intereses locais.
  - i) O nomeamento e cesamento, de ser o caso, do secretario xeral, o director xeral e o interventor, por proposta do presidente.
  - j) Autorización e disposición de gastos por operacións de capital se o seu importe é superior a seis mil euros.
  - k) Acordar a creación ou disolución, de ser o caso, das comisións informativas, así como dos comités e seccións.
  - l) Coñecer e decidir en todo caso sobre os acordos que, en forma de propostas á Comisión Executiva, sexan adoptados polas distintas comisións.
  - m) Cantas outras lle correspondan conforme ás leis, a estes Estatutos e ás normas que os desenvolvan, así como todas aquelas que lle poida delegar o Consello Federal.
2. A Comisión Executiva, por proposta do presidente, poderá delegar na Xunta de Voceiros as facultades que estime convenientes para unha maior operatividade.

#### **ARTIGO 41**

1. A Comisión Executiva reunirse en sesión ordinaria, polo menos, catro veces ao ano, unha por cada trimestre natural e en sesión extraordinaria cando sexa convocada con tal carácter polo presidente ou solicitado por, alomenos, unha terceira parte dos seus membros.
2. En todo o demais relacionado co réxime de sesións e adopción de acordos seralle de aplicación á Comisión Executiva o disposto nos artigos 33. a 36., ambos inclusive, do capítulo anterior para o Consello Federal.

### **Capítulo IV. Da Xunta de Voceiros**

#### **ARTIGO 42**

A Xunta de Voceiros estará formada polo presidente e un voceiro de cada un dos grupos políticos, nomeado por estes, incluíndo un suplente, que obtivera representación na Comisión Executiva.

A Xunta de Voceiros actuará sempre con voto ponderado en función da representación que cada grupo teña no Consello Federal.

1. Son funcións da Xunta de Voceiros todas aquelas que, sendo propias da Comisión Executiva, sexan delegadas por esta en orde a establecer unha maior operatividade nos temas inherentes á Federación, en consonancia co artigo 40.2, ademais das xa especificamente atribuídas ou delegadas nestes Estatutos e nas normas que os desenvolvan.
2. A Xunta de Voceiros poderá desempeñar competencias executivas por delegación expresa da Presidencia e/ou da Comisión Executiva. A Xunta de Voceiros será presidida polo presidente da FEGAMP, directamente ou por delegación.

#### **ARTIGO 43**

1. A Xunta de Voceiros reúnese mediante a convocatoria do presidente.
2. As súas reunións realizaranse coa periodicidade que fixe a Comisión Executiva e serán, en todo caso de, polo menos, periodicidade mensual ou de carácter extraordinario por instancia, neste último caso, do presidente ou de dous dos seus membros.

### **Capítulo V. Do presidente**

#### **ARTIGO 44**

O presidente da Federación, elixido conforme ao artigo 29 destes Estatutos, é o representante ordinario da FEGAMP.

#### **ARTIGO 45**

1. No caso de ausencia ou enfermidade, será substituído polos vicepresidentes pola súa orde.
2. No caso de dimisión, falecemento ou perda da condición de electo local, asumirán interinamente a Presidencia os vicepresidentes pola súa orde, ata que por proposta do grupo maioritario designe presidente o Consello Federal. O seu mandato durará o do presidente a quen substitúa.
3. Salvo no suposto previsto no apartado anterior, o mandato do presidente abarcará o período comprendido entre cada unha das reunións ordinarias das asembleas xerais da FEGAMP, que continuará en funcións ata a elección de novo presidente, de ser o caso.
4. Sen prexuízo do disposto nestes Estatutos, os vicepresidentes terán as seguintes atribucións:
  - A) O vicepresidente primeiro ostentará, na ausencia do presidente, a plena representación da Federación en todos os actos, e en calquera ámbito, e terá as atribucións que o presidente lle delegue.
  - B) O vicepresidente executivo exercerá aquelas funcións que, en materia político-administrativa, lle delegue o presidente.

#### **ARTIGO 46**

1. O presidente da Federación serao tamén do Consello Federal, da Comisión Executiva e da Xunta de Voceiros e terá as seguintes atribucións:
  - a) Dirixir o goberno e a administración da Federación.

- b) Representar legalmente a Federación.
  - c) Exercitar as accións legais e administrativas, para cuxo fin poderá conferir poderes, e darlle conta á Comisión Executiva.
  - d) Convocar a Asemblea Xeral e convocar e presidir as sesións do Consello Federal, da Comisión Executiva e da Xunta de Voceiros, así como dos demais órganos se asume a súa presidencia efectiva e dirixir as súas deliberacións.
  - e) Propoñerlle á Comisión Executiva o nomeamento e o cesamento, de ser o caso, do secretario xeral, o director xeral e do interventor.
  - f) Executar e controlar o cumprimento dos acordos da Comisión Executiva, do Consello Federal e da Xunta de Voceiros.
  - g) O recoñecemento e a liquidación de obrigas e a ordenación do seu pagamento respecto a calquera tipo de gasto.
  - h) A autorización e disposición de gastos no caso de operacións correntes e no caso de operacións de capital se o seu importe é igual ou inferior a seis mil euros.
  - i) Delegar facultades nos vicepresidentes, os vogais e outros órganos complementarios de xestión.
  - j) Calquera outra función que lle sexa delegada polo Consello Federal ou a Comisión Executiva, ou que non sexa expresamente atribuída a outros órganos da FEGAMP.
2. O presidente ten voto de calidade no caso de empate.

## **TÍTULO IV**

### **ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DE XESTIÓN**

#### **ARTIGO 47**

1. Son órganos complementarios de xestión da FEGAMP:
  - A) a Secretaría Xeral
  - B) a Dirección Xeral
  - C) a Intervención
2. O mandato dos órganos complementarios de xestión da FEGAMP coincidirá co da Comisión Executiva e poderán ser reelixidos sucesivamente.
3. No caso de ausencia ou vacante de calquera dos órganos complementarios de xestión, a súa titularidade será cuberta provisionalmente por unha persoa ao servizo da FEGAMP, nomeada polo presidente mentres non se produza, no caso de vacante, a designación do novo titular.

#### **ARTIGO 48**

1. A Secretaría Xeral terá aquelas funcións que a normativa vixente en cada momento lle atribúa á Secretaría da Administración local, sen prexuízo daquelas estatutariamente asignadas a outros órganos da FEGAMP.

2. O seu titular será designado e cesado, de ser o caso, pola Comisión Executiva, por proposta do presidente.

#### **ARTIGO 49**

1. A Dirección Xeral exercerá, por delegación da Presidencia, a Xefatura ordinaria do persoal, e será responsable da xestión técnico-administrativa da Federación, así como da coordinación de todos os servizos, os estudos e as súas publicacións.
2. O seu titular será designado e cesado, de ser o caso, pola Comisión Executiva, por proposta do presidente.

#### **ARTIGO 50**

1. A Intervención terá aquelas funcións que a normativa vixente en cada momento lle atribúa á Intervención da Administración local, sen prexuízo daquelas estatutariamente asignadas a outros órganos da FEGAMP.
2. O seu titular será designado e cesado, de ser o caso, pola Comisión Executiva, por proposta do presidente.

## **TÍTULO V**

### **DOUTROS ÓRGANOS DA FEGAMP**

#### **Capítulo I. Das comisións informativas**

#### **ARTIGO 51**

Poderanse constituír comisións informativas para a elaboración de estudos e a formulación de propostas sobre cuestións directamente relacionadas cos fins da FEGAMP. As ditas comisións serán creadas pola Comisión Executiva quen designará o seu presidente, que terá a condición de membro do Consello Federal ou presidente de corporación.

Estarán asistidas por un secretario designado polo secretario xeral de entre o persoal ao servizo da Federación.

O director xeral da FEGAMP coordinará o funcionamento destas comisións.

#### **Capítulo II. Dos comités e seccións**

#### **ARTIGO 52**

Poderanse crear no seo da FEGAMP comités ou seccións por acordo da Comisión Executiva. Estes comités ou seccións estarán formados por asociados que se agrupen no contorno para un interese específico.

Terán autonomía para organizarse internamente e someterán as súas normas de funcionamento e os seus acordos á Comisión Executiva da FEGAMP.

## TÍTULO VI

### DAS RELACIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS, INSTITUCIÓNS E OUTRAS ENTIDADES

#### ARTIGO 53

A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS é o interlocutor, en representación dos asociados, ante a Administración, o Parlamento e o Goberno autonómico galego. Así mesmo, serao ante as instancias que integren a organización institucional do Estado español e da Comunidade Europea, sen prexuízo da actuación no mesmo sentido da FEMP e do Consello de Europa.

#### ARTIGO 54

No suposto de que algún asunto concreto que afecte o conxunto das corporacións locais galegas requira calquera tipo de intervención ante a Administración central, as Cortes Xerais, o Goberno de España ou as demais instancias que integran a organización do Estado, as accións pertinentes ante os órganos que procedan corresponderán, na súa titularidade, ao establecido no protocolo da colaboración e coordinación asinado coa FEMP. No seu defecto, será a Comisión Executiva quen se atribúa expresamente a dita facultade.

#### ARTIGO 55

As relacións e negociacións axeitaranse ao mandato expreso da Comisión Executiva e poderán incluír expertos e técnicos alleos á FEGAMP.

## TÍTULO VII

### DO RÉXIME ECONÓMICO DA FEGAMP

#### ARTIGO 56

Os recursos da Federación Galega de Municipios e Provincias procederán:

- a) Das cotas e demais contribucións dos socios titulares.
- b) Das rendas do patrimonio da Federación.
- c) Das achegas e subvencións que proveñan das administracións públicas.
- d) Doutras que se puideren producir.

#### ARTIGO 57

1. As cotas sociais terán carácter ordinario ou extraordinario.
2. Con carácter xeral, as cotas ordinarias serán aprobadas anualmente polo Consello Federal, o cal determinará a súa contía en función dunha cantidade fixa por cada un dos habitantes de dereito do territorio correspondente a cada Entidade asociada.
3. Eventualmente, e polo tempo que se fixe como necesario de ser o caso, o Consello Federal poderá acordar a imposición de cotas de carácter extraordinario, cunha contía



periódica que se determinará, igualmente, en función dunha cantidade fixa por cada un dos habitantes de dereito do territorio correspondente a cada socio titular.

#### **ARTIGO 58**

A cota fixada pola FEGAMP e a correspondente á FEMP serán independentes entre si e fixarase, no correspondente protocolo de colaboración e coordinación, o procedemento para o cobramento de ambas as dúas. No seu defecto, correspóndelle a cada entidade a xestión do cobramento da súa cota respectiva.

#### **ARTIGO 59**

As cotas de carácter ordinario devindicaranse o primeiro día de xaneiro de cada ano e deberán ser ingresadas polos socios no primeiro cuadrimestre do ano correspondente. Todo iso sen prexuízo de que por parte da propia FEGAMP se negocien e poñan na práctica ferramentas de cobramento bancario para axilizar e simplificar a xestión.

O período de remuneración e ingreso das cotas que, de ser o caso, se establezan con carácter extraordinario, será o que se determine no correspondente acordo de fixación destas.

## **TÍTULO VIII**

### **DA DISOLUCIÓN DA FEGAMP**

#### **ARTIGO 60**

Para a disolución da Federación será necesario adoptar en Asemblea Xeral extraordinaria un acordo con maioría de tres cuartas partes dos votos da Asemblea.

Unha vez que se disolva a Federación, procederase á súa liquidación e repartirase o patrimonio social entre os socios titulares na proporción á contía das súas respectivas cotas ordinarias, unha vez que se deduzan os recursos necesarios para o cumprimento das obrigas pendentes.

Sen prexuízo do anterior, o acordo da disolución da Federación poderá prever, en orde á repartición social do seu patrimonio, a aplicación de criterios de proporcionalidade que teñan en conta a antigüidade de cada socio titular.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

#### **PRIMEIRA**

E competencia da Comisión Executiva aprobar o Regulamento de réxime interior, así como propoñerlle á Asemblea Xeral, cando esta teña lugar, unhas Normas de funcionamento da Asemblea.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derogados calquera norma e os Estatutos aprobados con data anterior á realización desta Asemblea, así como calquera outra resolución que se opoña a estes.

*Eduardo Ramonde Rodríguez, secretario xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), certifico:*

*Que estes Estatutos que preceden, compostos de 60 artigos, unha disposición final e unha disposición derogatoria, son os aprobados pola Asemblea ordinaria da FEGAMP, realizada o 4 de decembro de 2003, que sen modificación ningunha permanecen vixentes no día da data.*

*Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2023*

## **CARTA EUROPEA DE AUTONOMÍA LOCAL, FEITA EN ESTRASBURGO O 15 DE OUTUBRO DE 1985**

(Tomada do texto corrixido da versión en castelán publicada no Boletín Oficial das Cortes Xerais- Congreso dos Deputados, número. 121-4, do 29 de setembro de 1988, traducido ao idioma galego).

### **PREÁMBULO**

Os estados membros do Consello de Europa, asinantes desta Carta, considerando que o obxectivo do Consello de Europa é conseguir unha unión máis estreita entre os seus membros, co fin de salvagardar e promover os ideais e mais os principios que son o seu patrimonio común.

Considerando que un dos medios para que este fin se realice é a conclusión de acordos no campo administrativo.

Considerando que as entidades locais son un dos principais fundamentos dun réxime democrático.

Considerando que o dereito dos cidadáns a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os estados membros do Consello de Europa.

Convencidos de que neste nivel local este dereito pode ser exercido máis directamente.

Convencidos de que a existencia de entidades locais investidas de competencias efectivas permite unha administración á vez eficaz e próxima á cidadanía.

Conscientes de que a defensa e mais o fortalecemento da autonomía local nos diferentes países de Europa representan unha contribución esencial na construción dunha Europa baseada nos principios de democracia e descentralización do poder.

Afirmando que isto supón a existencia de entidades locais dotadas de órganos de decisión democraticamente constituídos que se benefician dunha ampla autonomía en canto ás competencias, ás modalidades de exercicio destas últimas e aos medios necesarios para o cumprimento da súa misión.

Conviñeron o que segue:

### **PRIMEIRA PARTE**

#### **ARTIGO 1º**

As partes contratantes comprométense a considerarse vinculadas polos artigos seguintes da forma e nas condicións prescritas polo artigo 12 desta Carta.

## **ARTIGO 2º Fundamento constitucional e legal da autonomía local**

O principio da autonomía local debe estar recoñecido na lexislación interna e, no posible, na Constitución.

## **ARTIGO 3º Concepto da autonomía local**

1. Por autonomía local enténdese o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.
2. Este dereito exerceño as asembleas ou os consellos integrados por membros elixidos por sufraxio libre, secreto, igual, directo e universal e que poden dispoñer de órganos executivos responsables ante eles mesmos. Esta disposición non causará prexuízo ao recurso ás asembleas de veciños, ao referendo ou a calquera outra forma de participación directa da cidadanía, alí onde estea permitido pola lei.

## **ARTIGO 4º Alcance da autonomía local**

1. As competencias básicas das entidades locais veñen fixadas pola Constitución ou pola lei. Porén, esta disposición non impide a atribución ás entidades locais de competencias para fins específicos, de conformidade coa lei.
2. As entidades locais teñen, dentro do ámbito da lei, liberdade plena para exercer a súa iniciativa en toda materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade.
3. O exercicio das competencias públicas debe, de modo xeral, incumbir preferentemente ás autoridades máis próximas aos cidadáns. A atribución dunha competencia a outra autoridade debe ter en conta a amplitude ou natureza da tarefa ou as necesidades de eficacia ou economía.
4. As competencias encomendadas ás entidades locais, deben ser normalmente plenas e completas. Non poden ser postas en dúbida nin limitadas por outra autoridade central ou rexional, máis que dentro do ámbito da lei.
5. En caso de delegación de poderes por unha autoridade central ou rexional, as entidades locais deben desfrutar no posible da liberdade de adaptar o seu exercicio ás condicións locais.
6. As entidades locais deben ser consultadas, na medida do posible, ao seu debido tempo e de forma apropiada, ao longo dos procesos de planificación e de decisión para todas as cuestións que lles afectan directamente.

## **ARTIGO 5º Protección dos límites territoriais das entidades locais**

Para calquera modificación dos límites territoriais locais, as colectividade locais afectadas deberán ser consultadas previamente, chegado o caso, por vía de referendo alí onde a lexislación o permita.

## **ARTIGO 6º Adecuación das estruturas e dos medios administrativos aos cometidos das entidades locais**

1. Sen prexuízo das disposicións máis xerais creadas pola lei, as entidades locais deben poder definir por si mesmas as estruturas administrativas internas con que pretenden dotarse, co obxecto de as adaptar ás súas necesidades específicas e co fin de permitir unha xestión eficaz.
2. O Estatuto do persoal das entidades locais debe permitir unha selección de calidade, fundamentado nos principios de mérito e capacidade; para este fin debe reunir condicións adecuadas de formación, remuneración e perspectivas de carreira.

## **ARTIGO 7º Condicións do exercicio das responsabilidades a nivel local**

1. O Estatuto dos representantes locais debe asegurar o libre exercicio do seu mandato.
2. Debe permitir a compensación financeira adecuada aos gastos causados con motivo do exercicio do seu mandato, así como se chega o caso, a compensación financeira dos beneficios perdidos ou unha remuneración do traballo desempeñado e a cobertura social correspondente.
3. As funcións e as actividades incompatibles co mandato do representante local non poden ser fixadas máis que por lei ou por principios xurídicos fundamentais.

## **ARTIGO 8º Control administrativo dos actos das entidades locais**

1. Todo control administrativo sobre as entidades locais non pode ser exercido senón segundo as formas e nos casos previstos pola Constitución ou por lei.
2. Todo control administrativo dos actos das entidades locais non debe normalmente ter como obxectivo máis que asegurar o respecto da legalidade e dos principios constitucionais. Porén, tal control poderase estender a un control de oportunidade, exercido por autoridades de nivel superior, respecto das competencias das que a execución se delegase nas entidades locais.
3. O control administrativo das entidades locais débese exercer mantendo unha proporcionalidade entre a amplitude da intervención da autoridade de control e a importancia dos intereses que pretende salvagardar.

## **ARTIGO 9º Os recursos financeiros das entidades locais**

1. As entidades locais teñen dereito, no marco da política económica nacional, a ter recursos propios suficientes dos cales poden dispoñer libremente no exercicio das súas competencias.
2. Os recursos financeiros das entidades locais deben ser proporcionais ás competencias previstas pola Constitución ou pola lei.
3. Unha parte, polo menos, dos recursos financeiros das entidades locais deben provir de ingresos patrimoniais e de tributos locais respecto dos que teñan a potestade de fixar a cota ou o tipo dentro dos límites da lei.
4. Os sistemas financeiros, sobre os que descansan os recursos de que dispoñen as entidades locais, deben ser dunha natureza suficientemente diversificada e evolutiva como

para lles permitir seguir, na medida do posible e na práctica, a evolución real dos custos do exercicio das súas competencias.

5. A protección das entidades locais financeiramente máis débiles reclama a adopción de procedementos de compensación financeira ou das medidas equivalentes destinadas a corrixir os efectos da desigual repartición das fontes potenciais de financiamento, así como das cargas que lles incumben. Tales procedementos ou medidas non deben reducir a liberdade de opción das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia
6. As entidades locais deben ser consultadas, segundo formas apropiadas, sobre as modalidades de adxudicación a estas dos recursos redistribuídos.
7. Na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
8. Coa finalidade de financiar os seus gastos de investimento, as entidades locais deben ter acceso, de conformidade coa lei, ao mercado nacional de capitais.

#### **ARTIGO 10º O dereito de asociación das entidades locais**

1. As entidades locais teñen o dereito, no exercicio das súas competencias, de cooperar e, no ámbito da lei, asociarse con outras entidades locais para realizar tarefas de interese común.
2. O dereito das entidades locais de se integrar nunha asociación para a protección e promoción dos seus intereses comúns e o de se integrar nunha asociación internacional de entidades locais deben ser recoñecidos por cada Estado.
3. As entidades locais poden, nas condicións eventualmente previstas pola lei, cooperar coas entidades doutros estados.

#### **ARTIGO 11 Protección legal da autonomía local**

As entidades locais deben dispoñer dunha vía de recurso xurisdiccional co fin de asegurar o libre exercicio das súas competencias e o respecto aos principios de autonomía local consagrados na Constitución ou na lexislación interna.

## **SEGUNDA PARTE**

### **DISPOSICIÓN VARIAS**

#### **ARTIGO 12. Compromisos**

1. Cada parte contratante comprométese a considerarse vinculada por vinte, cando menos, dos apartados da primeira parte da Carta dos que, polo menos dez, deberán ser elixidos entre os apartados seguintes:

artigo 2

artigo 3, apartados 1 e 2

artigo 4, apartados 1, 2 e 4

artigo 5  
artigo 7, apartado 1  
artigo 8, apartado 2  
artigo 9, apartado 1,2 e 3  
artigo 10, apartado 1  
artigo 11

2. Cada Estado contratante no momento de depositar os instrumentos de ratificación, aceptación ou aprobación, notificaralle ao secretario xeral do Consello de Europa os parágrafos elixidos segundo o disposto no parágrafo un do presente artigo.
3. Cada parte contratante poderá, en calquera momento posterior, declarar por notificación dirixida ao secretario xeral que se considera vinculada por calquera outro apartado que figura nesta Carta, que aínda non aceptase conforme ás disposicións do apartado un deste artigo. Estes compromisos posteriores serán considerados parte integrante da ratificación, aceptación ou aprobación da parte que fai a notificación e producirán os mesmos efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao remate do trimestre posterior á data de recepción da notificación polo secretario xeral.

### **ARTIGO 13. Entidades ás cales se lles aplica a Carta**

Os principios de autonomía local contidos nesta Carta aplícanse a todas as categorías de entidades locais existentes no territorio da parte contratante. Porén, cada parte contratante pode, no momento de depositar os instrumentos de ratificación, aceptación ou aprobación desta Carta, designar as categorías de entidades locais e rexionais ás que quere limitar o campo de aplicación ou que quere excluír do campo de aplicación da Carta. Pode, igualmente, incluír outras categorías de entidades locais ou rexionais no campo de aplicación da Carta por vía de comunicación posterior escrita ao secretario xeral do Consello de Europa.

### **ARTIGO 14. Comunicación de información**

Cada parte contratante transmitiralle ao secretario xeral do Consello de Europa toda a información apropiada relativa ás disposicións legislativas e outras medidas que tomara co fin de se adaptar aos termos desta Carta.

## **TERCEIRA PARTE**

### **ARTIGO 15. Sinatura, ratificación e entrada en vigor**

1. Esta Carta está aberta á sinatura dos estados membros do Consello de Europa.
2. Será ratificada, aceptada ou aprobada. Os documentos de ratificación, aceptación ou aprobación serán presentados ante o secretario xeral do Consello de Europa.
3. Esta Carta entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao trimestre posterior á data en que catro estados membros do Consello de Europa expresaran o seu consentimento de quedar vinculados pola Carta, conforme ao disposto no apartado anterior.
4. Respecto de calquera outro Estado membro que expresase posteriormente o seu consentimento de quedar vinculado pola Carta, esta entrará en vigor o día primeiro do mes

seguinte ao trimestre posterior á data do depósito do instrumento de ratificación, de aceptación ou de aprobación.

#### **ARTIGO 16. Cláusula territorial**

1. Todo Estado poderá no momento da sinatura ou no momento do depósito do seu instrumento de ratificación, aceptación, aprobación ou adhesión, designar o territorio ou territorios a que se aplicará esta Carta.
2. En calquera momento posterior, por declaración dirixida a secretario xeral do Consello de Europa, cada Estado poderá estender a aplicación desta Carta a calquera outro territorio que se designe na dita declaración. Con respecto a este territorio, a Carta entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao trimestre posterior á data da recepción da declaración polo secretario xeral.
3. Toda declaración feita de acordo cos dous parágrafos anteriores poderá ser retirada no que concirne a todos os territorios designados nesta declaración por notificación ao secretario xeral. Tal retirada terá efecto o día primeiro do mes seguinte ao semestre posterior á data de recepción da notificación polo secretario xeral.

#### **ARTIGO 17. Denuncia**

1. Ningunha parte contratante pode denunciar esta Carta antes de que finalice un período de cinco anos desde a data en que a Carta entrou en vigor no que lle concirne. Seralle notificada cunha anticipación de seis meses ao secretario xeral do Consello de Europa. Esta denuncia non afecta á validez da Carta con respecto ás outras partes contratantes, sempre que o número daquelas non sexa nunca inferior a catro.
2. Cada parte contratante pode, segundo as disposicións enunciadas no apartado anterior, denunciar calquera apartado da primeira parte da Carta que aceptase, sempre que o número e a categoría dos apartados aos cales esta parte contratante está obrigada, permanezan conformes ás disposicións do artigo 12, apartado 1. Cada parte contratante que, como consecuencia da denuncia dun apartado, non se axuste ás disposicións do artigo 12, apartado 1, será considerada como se denunciase igualmente a Carta en si mesma.

#### **ARTIGO 18. Notificación**

O secretario xeral do Consello de Europa notificaralles aos estados membros do Consello:

- a) Calquera sinatura.
- b) O depósito de calquera instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación.
- c) Calquera data de entrada en vigor desta Carta, de conformidade co seu artigo 15.
- d) Calquera notificación recibida en aplicación das disposicións do artigo 12, apartados 2 e 3.
- e) Calquera notificación recibida en aplicación das disposicións do artigo 13.
- f) Calquera outro acto, notificación ou comunicación relativos a esta carta.